



# A buguina



1. Este enredo é unha sorte de subbote. Facémolo a partir da metade dun folio cortado polo seu lado menor.



2. Desde o canto inferior dereito comezamos a enrolar o papel de forma cónica, Para facilitar o inicio do enrolo, podemos axudarnos cun pau dos dentes. Para que soe ben, é importante que a boca da buguina non sexa grande, cuns 2 cm de diámetro abonda.



3. Para que non se desenrole o tutelo, fixamos a última volta con cola ou fita adhesiva. Por último, hai que facerlle a palleta. Para iso, simplemente esmagamos o extremo inferior, (onde indica a frecha), e xa a temos lista.

Sopramos con xeito, e soará.

Escoita o son da buguina no arquivo *buguina.mp3*